



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

Precariedade e pobreza laboral: a realidade das traballadoras galegas

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Precariedade e pobreza laboral: a realidade das traballadoras galegas
Marzo de 2017

Elaboración: Secretaría da Muller e Gabinete Técnico Económico

ÍNDICE

| | |
|-----------------------------------------------------------|----|
| Presentación | 5 |
| Menos poboación e máis envellecida..... | 7 |
| Irrefreable caída da poboación activa | 10 |
| Pouco emprego e precario..... | 12 |
| Emprego a tempo parcial..... | 13 |
| Emprego temporal..... | 14 |
| Temporalidade no sector privado e no público | 16 |
| Segmentación sexual na ocupación | 17 |
| Salarios insuficientes e indignos..... | 20 |
| Fenda salarial..... | 21 |
| Desemprego desorbitado..... | 24 |
| Fenda nas prestacións por desemprego e nas pensións | 26 |
| Máis pobreza..... | 28 |
| Conclusión | 29 |

PRESENTACIÓN

Cada ano, a Secretaría da Muller do Sindicato Nacional de CCOO fai un balance da situación das mulleres no emprego, con especial atención á calidade dos postos de traballo, ás diferenzas salariais, a como incide o desemprego entre a poboación feminina ou a que sectores están máis ou menos feminizados.

Esta valiosa información bota luz sobre as brechas estruturais de xénero que perpetúan unha división sexual do traballo. É unha anomalía que perdura no tempo e conforma unha realidade de desemprego, precariedade, segregación ocupacional e pobreza salarial. Coa contundencia dos datos, podemos describir con fidelidade a dura realidade en que viven as mulleres galegas.

Xa en 2015, co documento titulado *As políticas públicas, imprescindibles para avanzar en igualdade*, tentabamos demostrar que un país que non inviste na creación de emprego e no benestar das persoas, que non fai esforzo ningún para corrixir a desigualdade e a discriminación, ten un futuro escuro. Como adoita suceder, a realidade, tan teimuda, acábanos por dar a razón.

Hoxe en día, ter un traballo e un salario non garante unhas mínimas condicións de vida porque os ingresos non abundan para cubrir as necesidades básicas das mulleres. Esta realidade, xunto coa destrución de emprego, o traballo a tempo parcial, a eventualidade e a segregación ocupacional, configuran un panorama no que é difícil pensar sequera en ter fillas ou fillos.

As dificultades para poder vivir do seu traballo, a falta de oportunidades e de emprego digno e con salario suficiente empurran a mocidade á emigración. Así é como se chama, non «mobilidade exterior». As mozas e mozos que teñen que marchar á procura de oportunidades noutros países son emigrantes económicos. Coa súa partida, Galicia perde capital humano, intelectual e profesional, amais de provocar un drama persoal a estas persoas e as súas familias.

Os datos do Instituto Galego de Estatística revelan que, desde o ano 2010, residen en Galicia 79.128 persoas menos, das que o 48,52% serían mulleres. A poboación feminina mingua, especialmente no tramo en idade legal para traballar, con maior incidencia na franxa de 20 a 34 anos. A idade media das mulleres galegas estaba nos 46,4 anos en xaneiro do 2010 e cinco anos máis tarde subía ata os 47,8 anos.

A poboación estranxeira ten un peso pouco significativo en Galicia en comparanza coa media estatal. Ata o 1 de xaneiro de 2016 representaba o 3,2% da poboación total, mentres que no conxunto do estado se triplica ata o 9,5%. Peso escaso que, á luz dos datos, intuimos que segue a baixar: desde xaneiro de 2010 hai empadroadas

en Galicia 21.704 persoas menos de nacionalidade estranxeira. Por riba, Galicia está á cola do estado canto ao número de persoas refuxiadas que acolle.

Os datos demográficos de Galicia amosan unha dura realidade de descenso de natalidade e envellecemento da poboación, de incapacidade de fixar poboación moza e inmigrante. Isto é indiscutible e débese á falta de expectativas laborais e a imposibilidade de desenvolver un proxecto de vida. A precariedade laboral, a temporalidade ou os atrancos para conciliar vida laboral e familiar tampouco axudan.

Mención á parte merece a fenda salarial. As mulleres galegas cobran un 22,1% menos que os homes, e ademais son maioría nos tramos salariais máis baixos. Segundo fontes da Axencia Tributaria, o 36,34% das mulleres asalariadas teñen ingresos igual ou por debaixo do salario mínimo interprofesional. Isto chámase pobreza salarial, mulleres pobres con traballo. Afrontamos a realidade que evidencian os datos, por iso esiximos investimentos en políticas públicas que eliminen as desigualdades e xeren empregos cos que as mulleres poidan emprender proxectos vitais e se fixe poboación no noso país.

Mabel Pérez Simal
Secretaría da Muller e Cooperación
Sindicato Nacional CCOO de Galicia

MENOS POBOACIÓN E MÁIS ENVELLECIDA

A poboación empadroada en Galicia diminúe decontino desde o ano 2010 e xa representa menos do 6% da poboación residente en España. Ata o 1 de xaneiro de 2016, residían en Galicia 2.718.525 persoas: 1.408.716 mulleres (o 52% da poboación) e 1.309.809 homes.

Desde o ano 2010, Galicia perdeu 79.128 residentes (-2,8%) e 38.390 eran mulleres (-2,7%). A poboación feminina mingua sobre todo no tramo en idade legal de traballar e, en proporción, de forma máis acusada nas mulleres de 20 a 34 anos.

Cadro 1. POBOACIÓN FEMININA POR SEXO E GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE

| GRUPOS DE IDADE | ANO 2016 | ANO 2010 | VARIAC. ABSOLUTA | VARIAC. RELATIVA |
|-----------------|------------------|------------------|------------------|------------------|
| 0-4 anos | 48.785 | 53.775 | -4.990 | -9,3% |
| 5-9 anos | 55.430 | 51.966 | 3.464 | 6,7% |
| 10-14 anos | 53.173 | 50.194 | 2.979 | 5,9% |
| 15-19 anos | 50.610 | 58.117 | -7.507 | -12,9% |
| 20-24 anos | 56.707 | 70.694 | -13.987 | -19,8% |
| 25-29 anos | 66.481 | 92.366 | -25.885 | -28,0% |
| 30-34 anos | 84.551 | 114.059 | -29.508 | -25,9% |
| 35-39 anos | 109.142 | 110.038 | -896 | -0,8% |
| 40-44 anos | 110.200 | 107.657 | 2.543 | 2,4% |
| 45-49 anos | 106.704 | 102.413 | 4.291 | 4,2% |
| 50-54 anos | 101.178 | 96.704 | 4.474 | 4,6% |
| 55-59 anos | 97.604 | 87.781 | 9.823 | 11,2% |
| 60-64 anos | 86.914 | 89.831 | -2.917 | -3,2% |
| 65-69 anos | 86.754 | 80.720 | 6.034 | 7,5% |
| 70-74 anos | 79.225 | 74.839 | 4.386 | 5,9% |
| 75-79 anos | 67.569 | 82.080 | -14.511 | -17,7% |
| 80-84 anos | 71.594 | 61.270 | 10.324 | 16,9% |
| 85 ou máis anos | 76.095 | 62.602 | 13.493 | 21,6% |
| Total | 1.408.716 | 1.447.106 | -38.390 | -2,7% |

FONTE: elaboración propia sobre datos do padrón municipal de habitantes. IGE

Na agrupación da poboación feminina en grandes franxas de idade constátase que desde o 2010 hai 59.367 mulleres menos de entre 16 e 64 anos. Pola contra, sobe a poboación menor de 16 anos (1.251 mulleres máis) e, sobre todo, a maior de 64 anos (19.726 mulleres máis).

O resultado desa evolución é unha poboación feminina máis envellecida: ata o 1 de xaneiro de 2016, o 11,9% das mulleres empadroadas en Galicia tiñan menos de 16 anos (fronte ao 11,5% no 2010); o 61,0%, entre 16 e 64 anos (63,5% no 2010); e o restante 27,1%, máis de 64 anos (25,0% no 2010).

A media de idade das mulleres en Galicia estaba nos 46,4 anos o 1 de xaneiro de 2010; cinco anos máis tarde subía ata os 47,8 anos. A media de idade das mulleres é superior á dos homes (47,8 anos fronte aos 44,6 anos).

A poboación estranxeira ten un peso pouco significativo en Galicia, sobre todo en comparación coa media estatal. Ata o 1 de xaneiro de 2016 supoñía o 3,2% da poboación total da comunidade, mentres que no conxunto do estado a proporción subía ata o 9,5%. Do total de 87.966 persoas estranxeiras residentes en Galicia, o 50,6% son mulleres (porcentaxe que sobe ata o 51,9% na poboación de nacionalidade española).

Cadro 2. POBOACIÓN POR NACIONALIDADE E SEXO. ATA 1 DE XANEIRO DE 2016

| | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|------------------|------------------|------------------|
| Española | 1.364.203 | 1.266.356 | 2.630.559 |
| Estranxeira | 44.513 | 43.453 | 87.966 |
| Total | 1.408.716 | 1.309.809 | 2.718.525 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do padrón municipal de habitantes. IGE

En proporción, a poboación estranxeira caeu máis do que a de nacionalidade española. Dende o 1 de xaneiro de 2010 hai 21.704 persoas menos de nacionalidade estranxeira empadroadas en Galicia: 11.770 homes e 9.934 mulleres. En seis anos, o número de mulleres estranxeiras baixou un 18,2% e o de homes, un 21,3%.

Entres as causas da incesante perda de poboación están o descenso da natalidade, a emigración da xente en idade de ter fillos pola imposibilidade de desenvolver un proxecto de vida na comunidade ou a incapacidade de atraer e fixar poboación estranxeira pola falta de expectativas laborais.

No descenso da natalidade inflúe significativamente a perda de poboación en idade fértil pero tamén a precariedade laboral e os atrancos para conciliar a vida laboral e a familiar. No ano 2015 houbo 3.829 nacementos menos ca no 2008, cando se alcanzou o mellor rexistro da serie analizada (ver cadro 3). En todos os anos analizados naceron menos mulleres ca homes.

Cadro 3. NACEMENTOS POR SEXOS

| ANO | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|------|----------|--------|--------|
| 2007 | 10.536 | 11.216 | 21.752 |
| 2008 | 11.194 | 11.981 | 23.175 |
| 2009 | 10.965 | 11.572 | 22.537 |
| 2010 | 10.547 | 11.500 | 22.047 |
| 2011 | 10.338 | 11.256 | 21.594 |
| 2012 | 10.099 | 10.990 | 21.089 |
| 2013 | 9.643 | 10.084 | 19.727 |
| 2014 | 9.368 | 10.262 | 19.630 |
| 2015 | 9.355 | 9.991 | 19.346 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

O saldo vexetativo tórnase máis negativo a partir do ano 2008 e acentúase o proceso de envellecemento da poboación. No 2015 rexistráronse en Galicia 12.057 defuncións máis ca nacementos: entre as mulleres, morreron 6.408 máis das que naceron e entre os homes esa diferenza é de 5.649.

Cadro 4. NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS, SALDO VEXETATIVO

| ANO | NACEMENTOS | DEFUNCIÓNS | SALDO VEXETATIVO |
|------|------------|------------|------------------|
| 2007 | 21.752 | 30.159 | -8.407 |
| 2008 | 23.175 | 29.629 | -6.454 |
| 2009 | 22.537 | 30.180 | -7.643 |
| 2010 | 22.047 | 29.749 | -7.702 |
| 2011 | 21.594 | 29.879 | -8.285 |
| 2012 | 21.089 | 30.871 | -9.782 |
| 2013 | 19.727 | 30.433 | -10.706 |
| 2014 | 19.630 | 29.929 | -10.299 |
| 2015 | 19.346 | 31.403 | -12.057 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

No que atange aos movementos migratorios, no ano 2015 o saldo migratorio externo (emigración a outra comunidade de España ou ao estranxeiro) é novamente negativo, como viña sucedendo desde o ano 2012, é dicir, as saídas superan o volume de entradas rexistradas.

No 2015 (último ano publicado) chegaron a Galicia 29.933 persoas e marcharon 30.707. Daquela, o saldo migratorio externo é negativo en 774 persoas.

Cadro 5. SALDO MIGRATORIO EXTERNO POR SEXO E GRUPO DE IDADE. ANO 2015

| GRUPOS IDADE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|------------------|------------|-------------|-------------|
| Menos de 16 anos | 289 | 234 | 523 |
| 16-24 anos | 288 | 216 | 504 |
| 25-34 anos | -654 | -915 | -1.569 |
| 35-44 anos | -368 | -671 | -1.039 |
| 45-54 anos | 48 | -214 | -166 |
| 55-64 anos | 209 | 163 | 372 |
| 65 e máis anos | 153 | 448 | 601 |
| Total | -35 | -739 | -774 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

O saldo migratorio externo é máis negativo nos homes ca nas mulleres (ver cadro 5). Na desagregación por grupos de idade, é negativo para as mulleres na franxa de idade de 25 a 44 anos (1.022 emigracións máis ca inmigracións) e para os homes entre 25 e 54 anos (1.800 emigracións máis ca inmigracións).

IRREFREABLE CAÍDA DA POBOACIÓN ACTIVA

A incesante caída da poboación activa tradúcese en incesante perda de capital humano. Este feito non conseguiu frealo a incipiente creación de emprego.

Nos primeiros anos da crise, as mulleres seguiron incorporándose ao mercado laboral de xeito significativo. Porén, a finais de 2012 virou a tendencia e a poboación activa feminina comezou a diminuír, e con moita forza nas máis novas.

Cadro 6. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXOS

| IV TRIMESTRE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------|---------|-----------|
| 2011 | 619.400 | 700.700 | 1.320.200 |
| 2012 | 616.900 | 693.900 | 1.310.700 |
| 2013 | 608.000 | 675.600 | 1.283.500 |
| 2014 | 600.600 | 663.700 | 1.264.300 |
| 2015 | 599.500 | 655.700 | 1.255.200 |
| 2016 | 597.000 | 656.800 | 1.253.800 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

Desde o cuarto trimestre de 2011 ata o cuarto trimestre de 2016, o número de activas baixou en 22.400 ata situarse en 597.000. A poboación activa masculina resentíuse máis que a feminina pero, con todo, ao final do período, a brecha de xénero traducíase nunha diferenza de 59.800 activos máis sobre o total de activas; dito doutro xeito, por cada 100 homes activos, había 91 mulleres activas.

O descenso da poboación activa feminina dáse nas menores de 40 anos (57.100 activas menos que no cuarto trimestre de 2011) e nas de 65 ou máis anos (200 menos); pola contra, aumenta entre as de 40 a 64 anos (34.800 activas máis).

En proporción, a maior caída concéntrase nas menores de 30 anos: 29.300 activas menos (-27,3%). Non é posible analizar con rigor o efecto ten da emigración neste feito, pero tampouco é responsable escudarse na falta de estatísticas precisas para recoñecer que a nosa xuventude marcha do país porque aquí non atopa traballo.

Cadro 7. ACTIVAS POR GRUPOS DE IDADE

| GRUPOS DE IDADE | IV TRIMESTRE 2016 | IV TRIMESTRE DE 2011 |
|--------------------|-------------------|----------------------|
| De 16 a 19 anos | 2.400 | 5.300 |
| De 20 a 24 anos | 23.400 | 31.800 |
| De 25 a 29 anos | 52.300 | 70.300 |
| De 30 a 34 anos | 70.000 | 92.600 |
| De 35 a 39 anos | 90.300 | 95.500 |
| De 40 a 44 anos | 94.400 | 86.700 |
| De 45 a 49 anos | 85.200 | 81.900 |
| De 50 a 54 anos | 74.800 | 69.900 |
| De 55 a 59 anos | 62.200 | 49.200 |
| De 60 a 64 anos | 36.900 | 31.000 |
| De 65 ou máis anos | 5.100 | 5.300 |
| Total | 597.000 | 619.400 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

A seguir analizamos a evolución da poboación activa por sexo co indicador da taxa de actividade (cociente entre a poboación activa e a poboación en idade legal de traballar).

Cadro 8. TAXA DE ACTIVIDADE SEGUNDO O SEXO

| IV TRIMESTRE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------|-------|-------|
| 2011 | 49,5% | 60,9% | 54,9% |
| 2012 | 49,5% | 60,6% | 54,8% |
| 2013 | 49,1% | 59,3% | 54,0% |
| 2014 | 48,7% | 58,6% | 53,5% |
| 2015 | 48,9% | 58,2% | 53,3% |
| 2016 | 48,7% | 58,4% | 53,4% |

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

A diferenza entre a taxa de actividade feminina e masculina é de case dez puntos: no cuarto trimestre de 2016 é do 48,7% nas mulleres e do 58,4% nos homes. Baixou 0,8 puntos porcentuais nas mulleres e en 2,5 puntos nos homes en comparación con hai cinco anos.

O descenso da taxa de actividade das mulleres concéntrase mormente nas menores de 30 anos: no cuarto trimestre de 2011 participaban no mercado laboral o 56,3% das mozas e cinco anos despois a porcentaxe baixaba ata o 49,0%.

Na desagregación da taxa de actividade por sexo e grandes grupos de idade (cadro 9), constátase que a taxa de actividade masculina sempre é superior á feminina pero, sobre todo, no tramo de 25 a 54 anos (unha diferenza de 8,4 puntos). A fenda de xénero no tramo de 55 e máis anos e no de 16 a 24 anos é duns 5,9 e 5,7 puntos, respectivamente.

Cadro 9. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXOS E GRANDES GRUPOS DE IDADE

| IV TRIMESTRE DE 2016 | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|----------------------|--------------|--------------|--------------|
| De 16 a 24 anos | 27,0% | 32,7% | 29,9% |
| De 25 a 54 anos | 82,1% | 90,5% | 86,3% |
| De 55 e máis anos | 18,6% | 24,5% | 21,2% |
| Total | 48,7% | 58,4% | 53,4% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

A taxa de actividade feminina máis alta, o 82,1%, rexístrase entre os 25 e os 54. Pola contra, as taxas máis baixas danse nos grupos de idade extremos: entre 55 e máis anos (pola serodia incorporación ao traballo fóra do fogar) e entre os 16 e 24 anos (pola prolongación da etapa formativa).

POUCO EMPREGO E PRECARIO

A duración da crise, as políticas de austeridade e as reformas laborais dos anos 2010 e 2012 derivaron en destrución de emprego e nunha forte degradación das condicións laborais.

A esaxerada precariedade trouxo consigo o fenómeno da pobreza laboral: ter un contrato de traballo e un salario xa non garante ter unhas condicións de vida dignas porque os soldos non abundan para cubrir as necesidades básicas dunha persoa.

Os datos da enquisa de poboación activa (EPA) indican que a destrución de emprego bateu con forza en Galicia desde o ano 2009 ata o 2014. Tras seis anos moi duros, no 2015 comeza a notarse a creación neta de emprego na nosa comunidade.

Tomando como referencia o cuarto trimestre de cada ano, é no 2014 cando menos mulleres traballan en Galicia: 474.700. Desde aquela, créronse 20.800 empregos (+4,4%) pero aínda quedan por recuperar 41.300 para situarnos nos niveis de ocupación de hai oito anos.

Cadro 10. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS

| IV TRIMESTRE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------|---------|-----------|
| 2011 | 502.600 | 577.800 | 1.080.400 |
| 2012 | 488.200 | 545.600 | 1.033.800 |
| 2013 | 479.000 | 523.600 | 1.002.600 |
| 2014 | 474.700 | 525.700 | 1.000.400 |
| 2015 | 488.100 | 544.400 | 1.032.500 |
| 2016 | 495.500 | 554.100 | 1.049.600 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

No cuarto trimestre de 2016 había 1.049.600 persoas traballando en Galicia: 495.500 mulleres (47,2% das persoas ocupadas) e 554.100 homes. Son 58.600 mulleres menos traballando ca homes.

O número de ocupadas supera o do cuarto trimestre de 2012. Un dos obxectivos do informe é coñecer a cantidade e calidade do emprego feminino que se está creando.

No cuarto trimestre de 2016 había 7.300 mulleres máis con emprego ca no mesmo trimestre de 2012. Porén, a recuperación do emprego está deixando de lado as máis novas. En catro anos destruíronse os postos de traballo de 23.700 mulleres menores de 35 anos (-17,2%). Así pois, o incremento da ocupación concéntrase nas mulleres de 35 a 64 anos (31.700 ocupadas máis ca hai catro anos; +9,2%).

Cadro 11. OCUPADAS POR GRUPOS DE IDADE

| GRUPOS DE IDADE | IV TRIMESTRE 2016 | IV TRIMESTRE DE 2012 |
|--------------------|-------------------|----------------------|
| De 16 a 19 anos | 1.100 | 1.900 |
| De 20 a 24 anos | 15.700 | 17.900 |
| De 25 a 29 anos | 41.600 | 49.000 |
| De 30 a 34 anos | 55.600 | 68.900 |
| De 35 a 39 anos | 75.500 | 75.200 |
| De 40 a 44 anos | 80.900 | 72.900 |
| De 45 a 49 anos | 69.500 | 67.200 |
| De 50 a 54 anos | 63.000 | 58.500 |
| De 55 a 59 anos | 53.300 | 44.500 |
| De 60 a 64 anos | 34.100 | 26.300 |
| De 65 ou máis anos | 5.100 | 5.800 |
| Total | 495.500 | 488.200 |

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

A xuventude foi a máis prexudicada mentres se destruíu emprego pero tamén agora que se está a crear. O resultado é o envellecemento da poboación ocupada.

No cuarto trimestre de 2016, o 23,0% das mulleres ocupadas eran menores de 35 anos (28,2% hai catro anos), o 58,3% tiñan entre 35 e 54 anos (56,1% hai catro anos) e o restante 18,7% tiña 55 ou máis anos (15,7% no 2012).

Emprego a tempo parcial

De 1.049.600 persoas ocupadas no cuarto trimestre de 2016, o 14% traballaba a tempo parcial, cunha distribución moi desequilibrada por sexos: o 23% das mulleres fronte ao 6% dos homes. Daquela, o 76% dos empregos a tempo parcial están ocupados por mulleres.

Cadro 12. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

| | XORNADA PARCIAL | XORNADA COMPLETA | TOTAL |
|--------------|-----------------|------------------|------------------|
| Mulleres | 111.900 | 383.600 | 495.500 |
| Homes | 34.600 | 519.500 | 554.100 |
| Total | 146.500 | 903.100 | 1.049.600 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. IV trimestre de 2016

En comparación co cuarto trimestre de 2012, hai 7.300 ocupadas máis pero, en proporción, medrou máis o emprego a tempo parcial que o de xornada completa: un 1,9% máis de ocupadas máis a tempo parcial (2.100) fronte ao 1,4% máis a xornada completa (5.300).

Cadro 13. OCUPACIÓN FEMININA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA

| IV TRIMESTRE | XORNADA PARCIAL | XORNADA COMPLETA | TOTAL |
|--------------|-----------------|------------------|---------|
| 2012 | 109.800 | 378.300 | 488.200 |
| 2013 | 116.400 | 362.600 | 479.000 |
| 2014 | 111.800 | 362.900 | 474.700 |
| 2015 | 108.300 | 379.800 | 488.100 |
| 2016 | 111.900 | 383.600 | 495.500 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. IV trimestre

A xornada parcial é outra proba da precariedade laboral porque no 60% dos casos non responde a un desexo das traballadoras: só un 7% afirmou non querer un traballo de xornada completa. O seguinte motivo máis manifestado polas mulleres para acollérense a este tipo de xornada é o coidado de menores ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores: unhas 14.000 mulleres no cuarto trimestre de 2016, o 12% das ocupadas a xornada parcial. No caso dos homes, só expresan este motivo o 2%.

Cadro 14. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO E SEXO

| MOTIVO | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|-------------------------------------------------------------------|----------------|---------------|----------------|
| Seguir cursos de ensinanza ou formación | 3.900 | 2.400 | 6.300 |
| Enfermidade ou incapacidade propia | 1.000 | 700 | 1.700 |
| Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores | 13.900 | 800 | 14.700 |
| Outras obrigas familiares ou persoais | 7.400 | 300 | 7.700 |
| Non atopar un traballo de xornada completa | 67.500 | 21.800 | 89.300 |
| Non querer un traballo de xornada completa | 8.100 | 2.700 | 10.800 |
| Outras razóns | 9.300 | 6.000 | 15.300 |
| Non sabe o motivo | 700 | — | 700 |
| Total | 111.900 | 34.600 | 146.500 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE. IV trimestre do 2016

Emprego temporal

A alta temporalidade é outra manifestación da precariedade. No cuarto trimestre de 2016, o 28,4% das asalariadas tiñan un contrato temporal (fronte ao 25,4% de hai catro anos). O emprego temporal é moi vulnerable aos cambios de ciclo: nas fases recesivas é o máis prexudicado e destrúese con rapidez; e na fase expansiva medra a gran velocidade.

O emprego por conta allea leva tres anos subindo e acada niveis algo superiores aos de 2012, pero desde aquela substituíuse emprego indefinido por temporal.

Cadro 15. POBOACIÓN ASALARIADA FEMININA POR TIPO DE CONTRATO

| IV TRIMESTRE | POBOACIÓN ASALARIADA | INDEFINIDA | TEMPORAL | TAXA TEMPORALIDADE |
|--------------|----------------------|------------|----------|--------------------|
| 2012 | 390.300 | 291.100 | 99.200 | 25,4% |
| 2013 | 387.800 | 295.300 | 92.500 | 23,9% |
| 2014 | 390.200 | 293.100 | 97.100 | 24,9% |
| 2015 | 400.300 | 290.400 | 109.900 | 27,5% |
| 2016 | 403.300 | 288.800 | 114.500 | 28,4% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. IV trimestre

O número de asalariadas cun contrato temporal medra decontino nos tres últimos anos fronte ao de indefinidas, que segue a traxectoria oposta: hai 22.000 máis cun contrato temporal fronte e 6.500 indefinidas menos.

Ser muller e, sobre todo, menor de 30 anos son factores que ligados á temporalidade.

Cadro 16. TAXA DE TEMPORALIDADE POR SEXO

| IV TRIMESTRE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------|-------|-------|
| 2012 | 25,4% | 20,5% | 22,9% |
| 2013 | 23,9% | 21,2% | 22,5% |
| 2014 | 24,9% | 23,4% | 24,1% |
| 2015 | 27,5% | 23,6% | 25,5% |
| 2016 | 28,4% | 25,0% | 26,7% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

A taxa de temporalidade é máis alta nas mulleres ca nos homes: no cuarto trimestre de 2016 tiñan unha relación laboral temporal o 28,4% das asalariadas fronte ao 25,0% dos asalariados, é dicir, unha diferenza entre ambas as taxas de 3,4 puntos porcentuais.

No período analizado, a taxa de temporalidade subiu constantemente nos tres últimos anos en ambos os sexos, pero máis nas mulleres (4,5 puntos fronte a 3,8 puntos nos homes).

Cadro 17. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO DE CONTRATO E SEXO

| IV TRIMESTRE | MULLERES | | HOMES | |
|--------------|------------|----------|------------|----------|
| | INDEFINIDA | TEMPORAL | INDEFINIDA | TEMPORAL |
| 2012 | 291.100 | 99.200 | 320.500 | 82.800 |
| 2013 | 295.300 | 92.500 | 307.600 | 82.900 |
| 2014 | 293.100 | 97.100 | 303.400 | 92.500 |
| 2015 | 290.400 | 109.900 | 314.700 | 97.300 |
| 2016 | 288.800 | 114.500 | 316.400 | 105.500 |

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

Daquela, o emprego que se está creando é máis precario nas mulleres ca nos homes. Dos 46.900 empregos por conta allea creados nos tres últimos anos, 31.400

estaban ocupados por homes e 15.500 por mulleres. Polo tipo de contrato, o 28% dos masculinos son indefinidos, pero no caso das mulleres substituíronse indefinidos por temporais (6.500 indefinidos menos fronte a 22.000 temporais máis).

A idade é determinante, mesmo máis ca o sexo, á hora de asinar un contrato temporal. A falta de estabilidade no emprego atranca enormemente que a xuventude desenvolva un proxecto de vida no noso país. As cifras falan de seu: o último dato publicado pola EPA reflectía que o 61,2% das mulleres menores de 30 anos tiñan un contrato temporal (a porcentaxe nos mozos tamén é moi elevada: un 57,8%).

Cadro 18. POBOACIÓN ASALARIADA FEMININA MENOR DE 30 ANOS

| IV TRIMESTRE | POBOAC. ASALARIADA | INDEFINIDA | TEMPORAL | TAXA TEMPORALIDADE |
|--------------|--------------------|------------|----------|--------------------|
| 2012 | 64.300 | 31.100 | 33.200 | 51,6 % |
| 2013 | 55.500 | 25.400 | 30.100 | 54,2 % |
| 2014 | 49.000 | 20.400 | 28.600 | 58,4 % |
| 2015 | 50.000 | 20.000 | 30.000 | 60,0 % |
| 2016 | 54.400 | 21.100 | 33.300 | 61,2 % |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

O mesmo ocorre cos empregos que se están creando: nos dous últimos anos foron 5.400 por conta allea entre as menores de 30 anos, pero 4.700 son temporais (+16,4%) e só 700 indefinidos (+3,4%). Como resultado, a taxa de temporalidade subiu do 58,4% ata o 61,2% nese período.

Temporalidade no sector privado e no público

As mulleres que traballan por conta allea no sector privado soportan unha maior temporalidade ca as do sector público. No cuarto trimestre de 2016, traballaban no sector privado o 75% das asalariadas de Galicia e a súa taxa de temporalidade era do 28,7% fronte ao 27,4% no sector público.

No sector privado hai máis traballadores por conta allea ca traballadoras: no cuarto trimestre de 2016, os homes superaban as mulleres en 43.100. As asalariadas no sector privado eran 302.100 (representaban o 46,7% da poboación total asalariada no sector privado) e o 28,7% delas tiñan un contrato temporal (eles eran 345.200 e o 26,0% tiñan un contrato temporal).

O sector privado leva dous anos creando emprego por conta allea para as mulleres pero a taxa de temporalidade vai en aumento. No cuarto trimestre de 2014 tiñan unha relación laboral temporal o 25,4% das asalariadas; dous anos despois, a porcentaxe subiu ata o 28,7%. Ese incremento vén dado porque o emprego temporal incrementouse máis ca o indefinido: desde o cuarto trimestre de 2014 hai 14.600 mulleres máis traballando por conta allea no sector privado, pero o 95% dos empregos creados foron temporais.

Cadro 19. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PRIVADO

| IV TRIMESTRE | TOTAL | INDEFINIDO | TEMPORAL | TAXA TEMPORALIDADE |
|--------------|---------|------------|----------|--------------------|
| 2012 | 291.700 | 214.500 | 77.100 | 26,4% |
| 2013 | 288.800 | 216.700 | 72.100 | 25,0% |
| 2014 | 287.500 | 214.400 | 73.000 | 25,4% |
| 2015 | 296.700 | 212.500 | 84.300 | 28,4% |
| 2016 | 302.100 | 215.300 | 86.800 | 28,7% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

Ao contrario que no sector privado, no público hai máis asalariadas ca asalariados (101.200 fronte a 76.700, respectivamente, no cuarto trimestre de 2016).

A cifra máis baixa de emprego público na serie analizada alcanzouse no cuarto trimestre de 2012 con 98.600 asalariadas (das cales o 22,4% tiñan un contrato temporal). Desde aquela recuperáronse 2.600 empregos ocupados por mulleres no sector público pero o emprego neto creado foi temporal (5.600 asalariadas temporais máis fronte a 3.000 indefinidas menos). A taxa de temporalidade está no 27,4%, supera en cinco puntos porcentuais a do ano 2012.

Cadro 20. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PÚBLICO

| IV TRIMESTRE | TOTAL | INDEFINIDO | TEMPORAL | TAXA TEMPORALIDADE |
|--------------|---------|------------|----------|--------------------|
| 2010 | 111.900 | 80.300 | 31.600 | 28,2% |
| 2011 | 109.400 | 80.700 | 28.700 | 26,2% |
| 2012 | 98.600 | 76.500 | 22.100 | 22,4% |
| 2013 | 99.000 | 78.600 | 20.400 | 20,6% |
| 2014 | 102.700 | 78.600 | 24.100 | 23,5% |
| 2015 | 103.600 | 78.000 | 25.600 | 24,7% |
| 2016 | 101.200 | 73.500 | 27.700 | 27,4% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

No sector público é salientable o avance da taxa de temporalidade no último ano da serie analizada. É lóxico porque se intensificou a destrución de emprego indefinido ao tempo que aumentaba o temporal. O incremento do emprego temporal (2.100 asalariadas máis desde o cuarto trimestre de 2015) non compensou a perda de emprego indefinido (4.500 asalariadas menos).

Polo tanto, no último ano só se crea emprego feminino por conta allea no sector privado, mentres que no público se destrúe (5.400 asalariadas máis no privado fronte a 2.400 menos no público).

SEGMENTACIÓN SEXUAL NA OCUPACIÓN

Na desagregación da poboación ocupada por sexo e sectores, as mulleres son maioría nos servizos, (o 56% da poboación ocupada nos servizos é feminina). Nos restantes sectores, hai máis ocupados ca ocupadas.

Cadro 21. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS E SECTOR

| SECTORES | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------------|----------------|------------------|
| Primario | 28.600 | 48.800 | 77.400 |
| Industria | 50.900 | 114.600 | 165.500 |
| Construción | 5.400 | 64.800 | 70.200 |
| Servizos | 410.600 | 326.000 | 736.500 |
| Total | 495.500 | 554.100 | 1.049.600 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexo e sectores é moi desmellante. Como se ve no cadro 22, as mulleres están ocupadas maiormente no sector dos servizos (case o 83% fronte ao 59% dos homes). En cambio, na industria están o 10% das mulleres con emprego, porcentaxe que sobe ata o 21% para os homes. O sector primario dá ocupación ao 6% das mulleres (fronte ao 9% dos homes) e a construción só ocupa un 1% de mulleres (fronte ao 12% de homes).

Cadro 22. DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO POR SEXO E SECTORES

| SECTORES | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------------|----------------|----------------|
| Primario | 5,8 % | 8,8 % | 7,4 % |
| Industria | 10,3 % | 20,7 % | 15,8 % |
| Construción | 1,1 % | 11,7 % | 6,7 % |
| Servizos | 82,9 % | 58,8 % | 70,2 % |
| Total | 100,0 % | 100,0 % | 100,0 % |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

Segundo a situación profesional (cadro 23), elas teñen máis peso no emprego por conta allea (o 81% das ocupadas fronte ao 76% dos homes) porque, fundamentalmente, están máis presentes no sector público. O 20% das ocupadas están empregadas no sector público fronte ao 14% dos ocupados, mentres que no privado eles son maioría.

Canto ao emprego por conta propia, só un 4% de ocupadas son empresarias con asalariados/as fronte ao 8% dos homes. As traballadoras independentes ou empresarias sen persoal asalariado supoñen o 14% da poboación ocupada feminina; nesta categoría os homes tamén teñen máis presenza pero a diferenza non é tan acusada, pois encadra o 15% dos ocupados.

Cadro 23. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E SITUACIÓN PROFESIONAL

| SITUACIÓN PROFESIONAL | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|-------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|------------------|
| Traballador/a independente ou empresario/a sen persoal asalariado | 67.500 | 84.400 | 151.900 |
| Empresario/a con persoal asalariado | 21.700 | 43.700 | 65.400 |
| Asalariado/a do sector público | 101.200 | 76.700 | 177.900 |
| Asalariado/a do sector privado | 302.100 | 345.200 | 647.300 |
| Membro de cooperativa | 700 | 800 | 1.500 |
| Axuda familiar e outras situacións | 2.400 | 3.300 | 5.500 |
| Total | 495.500 | 554.100 | 1.049.600 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

Por rama de actividade (ver cadro 24), as mulleres están ocupadas sobre todo nos servizos e son maioría nestoutras: outros servizos, actividades sanitarias e servizos sociais, educación, hostalaría, comercio, actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares e na de actividades financeiras e de seguros.

As ramas industriais con máis ocupadas ca ocupados son a de alimentación, bebidas e tabaco e a do téxtil, coiro e calzado.

Cadro 24. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E RAMA DE ACTIVIDADE

| RAMA DE ACTIVIDADE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|------------------|
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 23.700 | 31.400 | 55.100 |
| Pesca e acuicultura | 4.900 | 17.400 | 22.300 |
| Industria da alimentación, bebidas e tabaco | 21.200 | 18.700 | 39.900 |
| Industria do téxtil, coiro e do calzado | 9.900 | 4.700 | 14.500 |
| Industria madeira e cortiza, agás mobles; cestería e espartaría | 900 | 6.100 | 6.900 |
| Indust. papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 1.400 | 4.400 | 5.800 |
| Indust. extractivas, refino de petróleo, fabric. produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, doutros produtos minerais non metálicos, de produtos metálicos, metalurxía, enerxía, gas e auga | 9.800 | 40.300 | 50.100 |
| Fabricación de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas | 7.900 | 40.400 | 48.300 |
| Construción | 5.400 | 64.800 | 70.200 |
| Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas | 3.600 | 20.200 | 23.800 |
| Comercio por xunto e polo miúdo | 84.000 | 63.100 | 147.100 |
| Transporte e almacenamento | 9.100 | 40.600 | 49.700 |
| Hostalaría | 40.700 | 29.300 | 70.100 |
| Información, comunicacións, activ. artísticas, recreativas e de entretemento | 17.000 | 27.700 | 44.800 |
| Actividades financeiras e de seguros | 9.600 | 8.900 | 18.500 |
| Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares | 22.200 | 18.700 | 40.900 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 22.900 | 24.400 | 47.800 |
| Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria | 29.800 | 40.000 | 69.700 |
| Educación | 50.000 | 25.800 | 75.500 |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais | 71.300 | 17.700 | 89.000 |
| Outros servizos | 50.200 | 9.600 | 59.900 |
| Total | 495.500 | 554.100 | 1.049.600 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

A ocupación con máis mulleres (cadro 25) é a dos servizos de restauración, persoais, protección e vendas: 157.900 no cuarto trimestre de 2016, representan o 32% das ocupadas (e o 15% dos ocupados). O 65% das persoas encadradas nesa ocupación son mulleres.

Nos postos de traballo que requiren unha alta cualificación, como os técnicos, científicos e intelectuais, hai 102.300 ocupadas, que superan a cifra de ocupados (un 21% de ocupación feminina fronte ao 13% de masculina).

Outra ocupación con máis mulleres ca homes é a relacionada cos empregos conta-
bles, administrativos e outros de oficina: 66.300 ocupadas no cuarto trimestre de

2016, que equivalen ao 13% da poboación ocupada feminina; traballan máis do dobre de mulleres que de homes.

Nas ocupacións elementais tamén teñen máis presenza as mulleres, pois aquí traballa o 13% da poboación ocupada feminina fronte ao 7% da masculina.

Daquela, o 79% das mulleres con emprego encádranse nesas catro ocupacións. No sentido oposto, destaca a baixa representación das mulleres nos postos de dirección e xerencia (un 1,7% de ocupadas fronte a un 4,7% de ocupados).

Cadro 25. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E OCUPACIÓN

| OCUPACIÓNS | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|------------------|
| Ocupacións militares | 900 | 4.800 | 5.700 |
| Dirección e xerencia | 8.400 | 26.100 | 34.500 |
| Persoal técnico, científico e intelectual | 102.300 | 72.400 | 174.700 |
| Persoal técnico, persoal profesional de apoio | 41.000 | 68.300 | 109.300 |
| Empregos contables, administrativos e outros empregos de oficina | 66.300 | 29.800 | 96.100 |
| Servizos de restauración, persoais, protección e vendas | 157.900 | 83.500 | 241.300 |
| Persoal cualificado no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro | 25.100 | 36.000 | 61.100 |
| Traballadores/as cualificados das industrias manufactureiras e a construción | 16.200 | 117.700 | 133.900 |
| Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as | 12.000 | 74.500 | 86.500 |
| Ocupacións elementais | 65.500 | 41.000 | 106.500 |
| Total | 495.500 | 554.100 | 1.049.600 |

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. IV trimestre de 2016

SALARIOS INSUFICIENTES E INDIGNOS

A estatística «Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias» ofrece datos sobre as percepcións satisfeitas en concepto de salarios. A información é exhaustiva porque inclúe a todas as persoas que perciben rendas suxeitas ao IRPF.

O número asalariadas/os nesta estatística non ten por que coincidir co doutras fontes do mercado laboral (por exemplo, EPA ou afiliación á seguridade social) porque aquí compútanse todas as persoas asalariadas con independencia do tempo que permanecesen no mercado laboral, mentres que noutras estatísticas se recolle a poboación asalariada en media anual.

No 2015 (último dato publicado), o 36% da poboación asalariada feminina declaraba que as súas percepcións en concepto de rendementos do traballo non superaban o salario mínimo interprofesional (no ano 2015 estaba fixado en 9.080,40 euros anuais).

No tramo máis baixo encádranse as asalariadas que ingresaron menos de 0,5 veces o salario mínimo interprofesional (SMI): 97.973 que representaban o 21% do total das asalariadas. O salario medio anual (rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados/as) nese tramo foi de tan só 1.804 euros anuais.

A seguir está o tramo de 0,5 a 1 vez o SMI con 71.380 asalariadas (o 15 % do total da poboación asalariada feminina), cun salario medio anual de 6.893 euros. En total, estes dous tramos xuntan o 36% das traballadoras por conta allea en 2015 e que declararon uns ingresos que non superaban o SMI.

Entre os tramos de salarios máis baixos tamén destaca o das persoas por conta allea que ingresaron entre 1 e 1,5 veces o SMI. Neste nivel están 78.740 asalariadas que representan o 17% do total da poboación asalariada feminina, e declaraban un salario medio anual de 11.452 euros.

Cadro 26. ASALARIADAS E SALARIO MEDIO ANUAL. ANO 2015

| TRAMOS DE SALARIO | ASALARIADAS | SALARIO MEDIO ANUAL |
|-------------------|----------------|---------------------|
| De 0 a 0,5 SMI | 97.973 | 1.804 |
| De 0,5 a 1 SMI | 71.380 | 6.893 |
| De 1 a 1,5 SMI | 78.740 | 11.452 |
| De 1,5 a 2 SMI | 70.751 | 15.696 |
| De 2 a 2,5 SMI | 44.746 | 20.304 |
| De 2,5 a 3 SMI | 28.033 | 24.812 |
| De 3 a 3,5 SMI | 22.920 | 29.473 |
| De 3,5 a 4 SMI | 16.650 | 33.977 |
| De 4 a 4,5 SMI | 13.498 | 38.465 |
| De 4,5 a 5 SMI | 7.572 | 42.687 |
| De 5 a 7,5 SMI | 10.854 | 53.832 |
| De 7,5 a 10 SMI | 2.233 | 76.343 |
| Máis de 10 SMI | 692 | 145.728 |
| Total | 466.042 | 15.501 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Fenda salarial

Entre os anos 2009 e 2015, o salario medio anual máis elevado para as mulleres dáse no ano 2010 con 15.704 euros; cinco anos despois baixaba ata os 15.501 euros: en comparación co 2010, reduciuse en 203 euros (-1,3%).

Cadro 27. SALARIO MEDIO ANUAL POR SEXO

| | MULLERES | HOMES | BRECHA DE XÉNERO |
|------|----------|--------|------------------|
| 2009 | 15.594 | 20.271 | 23,1 % |
| 2010 | 15.704 | 20.408 | 23,0 % |
| 2011 | 15.688 | 20.393 | 23,1 % |
| 2012 | 15.227 | 19.865 | 23,3 % |
| 2013 | 15.383 | 19.820 | 22,4 % |
| 2014 | 15.414 | 19.746 | 21,9 % |
| 2015 | 15.501 | 19.899 | 22,1 % |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

A precariedade no emprego feminino tradúcese tamén, por suposto, nos salarios. No ano 2015 (último dato dispoñible), o salario medio anual das mulleres era de 15.501 euros e o dos homes de 19.899 euros (unha diferenza de 4.398 euros menos). Dito doutro xeito, as mulleres cobraron un 22,1% menos que os homes (fronte ao 21,9 % no 2014). Tamén son maioría nos tramos salariais máis baixos: o 36,3% das asalariadas declaraban ingresos que non superan o SMI fronte ao 26,6% dos homes.

A maior brecha salarial dáse nas persoas maiores de 65 anos; neste grupo, as mulleres cobran un 46,9% menos que os homes. Séguelle o tramo de 18 a 25 anos, cunha porcentaxe do 22,8%. Pola contra, a menor diferenza dáse nos menores de 18 anos (un 15,8%) e no grupo de 26 a 35 anos (un 16,8%).

Cadro 28. SALARIO MEDIO ANUAL POR SEXO E GRUPOS DE IDADE

| | MULLERES | HOMES | BRECHA XÉNERO |
|------------------|---------------|---------------|---------------|
| Menor de 18 anos | 3.175 | 3.770 | 15,8 % |
| De 18 a 25 anos | 5.235 | 6.777 | 22,8 % |
| De 26 a 35 anos | 12.507 | 15.038 | 16,8 % |
| De 36 a 45 anos | 16.476 | 20.997 | 21,5 % |
| De 46 a 55 anos | 19.028 | 24.356 | 21,9 % |
| De 56 a 65 anos | 20.270 | 26.019 | 22,1 % |
| Maior de 65 anos | 5.841 | 10.993 | 46,9 % |
| Total | 15.501 | 19.899 | 22,1 % |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

A relación entre mocidade e salarios baixos é obvia. O salario medio anual nas mulleres de 35 ou menos anos queda por baixo do salario medio (15.501 euros anuais). As traballadoras por conta allea menores de 18 anos só representan o 0,15% das asalariadas e ingresaron unha media de 3.175 euros anuais. As mulleres de 18 a 25 anos, que supoñen ao redor do 8% da poboación asalariada feminina, ingresaron de media 5.235 euros anuais en 2015.

O 24% das mulleres que traballaron por conta allea no ano 2015 tiñan entre 26 e 35 anos e o seu salario medio anual era de 12.507 euros.

Cadro 29. ASALARIADAS E SALARIO MEDIO ANUAL POR IDADE. ANO 2015

| TRAMOS DE IDADE | ASALARIADAS | SALARIO MEDIO ANUAL |
|------------------|----------------|---------------------|
| Menor de 18 anos | 685 | 3.175 |
| De 18 a 25 anos | 36.676 | 5.235 |
| De 26 a 35 anos | 113.838 | 12.507 |
| De 36 a 45 anos | 143.732 | 16.476 |
| De 46 a 55 anos | 108.355 | 19.028 |
| De 56 a 65 anos | 56.128 | 20.270 |
| Maior de 65 anos | 6.628 | 5.841 |
| Total | 466.042 | 15.501 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Por sector de actividade, a maior fenda salarial áchase na agricultura, gandería, silvicultura e pesca, no que as mulleres cobraron de media anual un 31,9% menos ca os homes. Séguelle o sector dos servizos ás empresas cunha brecha do 29,9% e a industria cunha porcentaxe do 29,8%. Pola contra, a menor diferenza salarial por sexos dáse no sector da construción e actividades inmobiliarias (un 7,4%) e no dos servizos sociais (un 15,9%).

Cadro 30. SALARIO MEDIO ANUAL POR SEXO E SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2015

| | MULLERES | HOMES | BRECHA SALARIAL |
|---------------------------------------------|---------------|---------------|-----------------|
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 10.255 | 15.048 | 31,9% |
| Industria extractiva, enerxía e auga | 21.258 | 29.459 | 27,8% |
| Industria | 15.464 | 22.037 | 29,8% |
| Construción e actividades inmobiliarias | 15.780 | 17.035 | 7,4% |
| Comercio, reparacións e transporte | 13.629 | 18.937 | 28,0% |
| Información e comunicacións | 18.373 | 25.258 | 27,3% |
| Entidades financeiras e aseguradoras | 25.836 | 34.680 | 25,5% |
| Servizos ás empresas | 11.804 | 16.841 | 29,9% |
| Servizos sociais | 20.924 | 24.876 | 15,9% |
| Outros servizos persoais e de ocio | 7.442 | 10.070 | 26,1% |
| Total | 15.501 | 19.899 | 22,1% |

FONTE: elaboración propia con datos do IGE

O salario medio anual das mulleres é inferior á media (15.501 euros/ano) nos seguintes sectores: outros servizos persoais e de ocio (7.442 euros/ano); servizos ás empresas (11.804 euros/ano); agricultura, gandería, silvicultura e pesca (10.255 euros/ano); comercio, reparacións e transporte (13.629 euros/ano) e industria (15.464 euros/ano). No ano 2015, o 59% das asalariadas encadrábanse neses sectores.

Cadro 31. ASALARIADAS E SALARIO MEDIO ANUAL POR SECTOR. ANO 2015

| SECTORES | ASALARIADAS | SALARIO MEDIO ANUAL |
|---------------------------------------------|----------------|---------------------|
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca | 4.540 | 10.255 |
| Industria extractiva, enerxía e auga | 1.959 | 21.258 |
| Industria | 40.046 | 15.464 |
| Construción e actividades inmobiliarias | 11.329 | 15.780 |
| Comercio, reparacións e transporte | 96.499 | 13.629 |
| Información e comunicacións | 7.340 | 18.373 |
| Entidades financeiras e aseguradoras | 11.279 | 25.836 |
| Servizos ás empresas | 66.458 | 11.804 |
| Servizos sociais | 157.681 | 20.924 |
| Outros servizos persoais e de ocio | 68.911 | 7.442 |
| Total | 466.042 | 15.501 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

DESEMPREGO DESORBITADO

O paro estimado pola EPA aumentou decontino na comunidade desde o ano 2008 ata o 2013. De aí en diante mudou a tendencia e leva tres anos baixando ata chegar ás 204.200 persoas paradas no cuarto trimestre de 2016: 101.500 mulleres e 102.700 homes. En Galicia aínda hai 76.500 persoas máis en paro ca hai oito anos (+60%) e delas, 37.100 son mulleres (+58%).

O paro nas mulleres tamén baixou deseguido nos tres últimos anos (27.400 paradas menos desde o cuarto trimestre de 2013) pero ese descenso está condicionado pola caída da poboación activa. Así pois, desde o cuarto trimestre de 2013 contabilízanse 11.000 activas menos e a baixada concéntrase nas mulleres que teñen entre 20 e 39 anos.

Cadro 32. POBOACIÓN PARADA POR SEXOS

| IV TRIMESTRE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------|---------|---------|
| 2012 | 128.700 | 148.200 | 276.900 |
| 2013 | 128.900 | 152.000 | 280.900 |
| 2014 | 125.900 | 138.000 | 263.800 |
| 2015 | 111.400 | 111.300 | 222.700 |
| 2016 | 101.500 | 102.700 | 204.200 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

O desmesurado paro de longa duración pon de manifesto os graves desequilibrios do noso mercado laboral. No cuarto trimestre de 2016, había 59.000 mulleres que levaban buscando un emprego un ano ou máis (eran o 58% das desempregadas) e, desas, 44.200 levaban en paro dous ou máis anos. Isto complica a súa situación porque unha permanencia prolongada no desemprego adoita rebaixar as expectativas de empregabilidade e, ademais, se son beneficiarias de prestacións, estas van minguando ata que se esgotan.

Cadro 33. TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO

| TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO | IV TRIMESTRE DE 2016 |
|-------------------------------------|----------------------|
| Menos dun mes | 4.600 |
| Dun mes a menos de tres meses | 14.000 |
| De tres meses a menos de seis meses | 8.300 |
| De seis meses a menos dun ano | 9.500 |
| Dun ano a un ano e medio | 8.100 |
| Dun ano e medio a menos de dous | 6.700 |
| Dous ou máis anos | 44.200 |
| Xa atopou traballo | 6.100 |
| TOTAL | 101.500 |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No cuarto trimestre de 2016 estaban en paro 101.500 mulleres e o 43,5% levaba dous ou máis anos buscando traballo; catro anos antes estaba nesa situación o 31,1% da poboación feminina desempregada.

Cadro 34. POBOACIÓN PARADA FEMININA DE MOI LONGA DURACIÓN

| IV TRIMESTRE | TOTAL PARADAS (B) | PARO MOI LONGA DURACIÓN (A) | (A/B)*100 |
|--------------|-------------------|-----------------------------|-----------|
| 2012 | 128.700 | 40.000 | 31,1% |
| 2013 | 128.900 | 48.700 | 37,8% |
| 2014 | 125.900 | 50.000 | 39,7% |
| 2015 | 111.400 | 47.600 | 42,7% |
| 2016 | 101.500 | 44.200 | 43,5% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

En cifras absolutas, hai máis parados ca paradas (1.200 parados máis ca paradas no cuarto trimestre de 2016); pero se poñemos en relación a poboación parada coa activa, as mulleres seguen sendo as máis danadas.

A taxa de paro (porcentaxe de poboación parada sobre o total de poboación activa) no cuarto trimestre de 2016 era do 17% nas mulleres e do 15,6% nos homes. Daquela, a brecha de xénero no que atangue á taxa de paro quedou en 1,4 puntos no cuarto trimestre de 2016.

Historicamente, a taxa de paro sempre foi máis alta nas mulleres ca nos homes; tamén nos últimos oito anos, agás no 2012 e no 2013 que aconteceu o contrario.

Cadro 35. TAXA DE PARO SEGUNDO O SEXO

| IV TRIMESTRE | MULLERES | HOMES | TOTAL |
|--------------|----------|-------|-------|
| 2012 | 20,9% | 21,4% | 21,1% |
| 2013 | 21,2% | 22,5% | 21,9% |
| 2014 | 21,0% | 20,8% | 20,9% |
| 2015 | 18,6% | 17,0% | 17,7% |
| 2016 | 17,0% | 15,6% | 16,3% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre

O paro cébase coas mulleres máis novas e, sobre todo, coas menores de 25 anos. Ata os 30 anos, a taxa de paro está no 25,3% (no total da poboación galega feminina é do 17,0%).

E por grupos de idades, distribúese de forma moi diferente: nas menores de 25 anos é do 35,0%, nas de 25 a 54 anos é do 17,3% e nas de 55 e máis anos é do 11,2%. Polo tanto, a taxa de paro das máis novas é máis do dobre ca nas que teñen entre 25 e 54 anos e supón máis do triplo ca nas de 55 e máis anos.

Cadro 36. DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

| GRUPOS DE IDADE | N.º DE DESEMPREGADAS | TAXA DE PARO |
|-------------------|----------------------|---------------|
| De 16 a 24 anos | 9.000 | 35,0 % |
| De 25 a 54 anos | 80.800 | 17,3 % |
| De 55 e máis anos | 11.700 | 11,2 % |
| Total | 101.500 | 17,0 % |

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

Outro colectivo vulnerable é a poboación con menos formación. Tomando como referencia os datos do cuarto trimestre de 2016, a taxa de paro máis alta (sen ter en conta as paradas sen estudos porque a cifra absoluta non é significativa no total do desemprego) rexístrase nas mulleres con estudos primarios: 33,3%. Séguelle o das que cursaron educación secundaria de primeira etapa, cunha taxa do 21,9%. No extremo contrario estarían as mulleres con educación superior, cunha taxa de paro do 12,0% (é o único colectivo cunha taxa de paro por baixo da media).

Cadro 37. DESEMPREGO FEMININO SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN ALCANZADO

| NIVEL DE FORMACIÓN | N.º DESEMPREGADAS | TAXA DE PARO |
|--------------------------------------|-------------------|--------------|
| Estudos primarios | 8.800 | 33,3% |
| Educación secundaria. Primeira etapa | 37.500 | 21,9% |
| Educación secundaria. Segunda etapa | 22.300 | 17,6% |
| Educación superior | 32.700 | 12,0% |

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA, IV trimestre de 2016

FENDA NAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO E NAS PENSÍONS

Os condicionantes das mulleres para acceder ao mercado laboral e permanecer nel (maior presenza no tempo parcial; segregación sectorial e ocupacional; máis interrupcións na vida laboral e máis longas; menor taxa de ocupación...) explican en boa medida a brecha salarial. E, en consecuencia, a disparidade nos salarios tamén repercute nas prestacións por desemprego e nas pensións.

A base de cotización determina a contía dunha prestación contributiva por desemprego. Polo tanto, a brecha de xénero no salario tamén se traslada en boa medida ás prestacións por desemprego.

A Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) publica o número de persoas que perciben prestacións por desemprego e mais o importe da prestación media anual, pero non as desagrega en contributivas e asistenciais. En 2015, a brecha de xénero nas prestacións por desemprego era do 14,3%: as mulleres percibían de media anual 2.931 euros e os homes, 3.421 euros. Polo tanto, as mulleres ingresaron de media uns 490 euros menos ao ano.

A prestación media anual por desemprego das mulleres xa leva tres anos seguidos descendendo. No 2012 alcanzou o valor máximo desde que comezou a crise con 3.435 euros, e tres anos despois baixaba ata os 2.931 euros anuais.

Cadro 38. PRESTACIÓN MEDIA ANUAL DE DESEMPREGO POR SEXOS

| | MULLERES | HOMES | BRECHA DE XÉNERO |
|------|----------|-------|------------------|
| 2009 | 3.254 | 3.980 | 18,2 % |
| 2010 | 3.358 | 4.093 | 18,0 % |
| 2011 | 3.252 | 4.031 | 19,3 % |
| 2012 | 3.435 | 4.303 | 20,2 % |
| 2013 | 3.427 | 4.281 | 19,9 % |
| 2014 | 3.163 | 3.868 | 18,2 % |
| 2015 | 2.931 | 3.421 | 14,3 % |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Para analizar a brecha de xénero nas pensións do sistema da seguridade social, utilizamos de novo a estatística «Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias» da Axencia Tributaria, que fornece información sobre as pensións medias anuais pero sen desagregar os importes en función do tipo de prestación (se é ou non contributiva ou se é de xubilación, invalidez ou viuvez).

O que si reflicte a estatística é que, tamén no caso das pensións, as mulleres obtéñen ingresos inferiores aos dos homes. Segundo a citada fonte, o importe da pensión media anual en Galicia no ano 2015 era de 10.025 euros nas mulleres e nos homes subía ata os 14.071 euros. Isto significa unha perda dun 28,8% para as mulleres (26,6% no 2014).

A pensión media anual das mulleres no 2015 só se incrementou un 0,13% en relación co ano anterior (en cifras absolutas, son 13 euros máis).

Cadro 39. PENSIÓN MEDIA ANUAL POR SEXO

| | MULLERES | HOMES | BRECHA DE XÉNERO |
|------|----------|--------|------------------|
| 2009 | 8.590 | 11.625 | 26,1 % |
| 2010 | 8.901 | 12.035 | 26,0 % |
| 2011 | 9.261 | 12.549 | 26,2 % |
| 2012 | 9.565 | 12.850 | 25,6 % |
| 2013 | 9.855 | 13.340 | 26,1 % |
| 2014 | 10.012 | 13.644 | 26,6 % |
| 2015 | 10.025 | 14.071 | 28,8 % |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

No 2015, segundo os datos da Axencia Tributaria, en Galicia ingresaron pensións 791.477 persoas: 409.910 mulleres (o 52% de persoas pensionistas) e 381.567 homes. O número de pensións por persoa foi de 1,1.

Ese ano, o 46% das pensionistas declararon uns ingresos inferiores á pensión mínima interprofesional (que estaba fixada en 8.426,60 euros). No caso dos homes, a porcentaxe baixa ata o 34%. Como se aprecia no cadro seguinte, as pensionistas que están nos tramos máis altos perciben, por termo medio, maior número de pensións por persoa.

**Cadro 40. MULLERES PENSIONISTAS, PENSIÓN POR PERSOA E PENSIÓN MEDIA ANUAL
ANO 2015**

| TRAMOS DE PENSIÓN | MULLERES PENSIONISTAS | PENSIÓN POR PERSOA | PENSIÓN MEDIA ANUAL |
|-------------------|-----------------------|--------------------|---------------------|
| De 0 a 0,5 PMI | 45.495 | 1,03 | 2.078 |
| De 0,5 a 1 PMI | 143.955 | 1,02 | 6.971 |
| De 1 a 1,5 PMI | 147.084 | 1,06 | 9.616 |
| De 1,5 a 2 PMI | 29.029 | 1,21 | 14.448 |
| De 2 a 2,5 PMI | 16.575 | 1,25 | 18.866 |
| De 2,5 a 3 PMI | 7.432 | 1,4 | 22.947 |
| De 3 a 3,5 PMI | 4.616 | 1,5 | 27.288 |
| De 3,5 a 4 PMI | 7.561 | 1,57 | 31.778 |
| De 4 a 4,5 PMI | 6.331 | 1,59 | 35.681 |
| De 4,5 a 5 PMI | 726 | 2,39 | 39.801 |
| De 5 a 7,5 PMI | 821 | 2,44 | 48.789 |
| Máis de 7,5 PMI | 285 | 2,55 | 115.821 |
| Total | 409.910 | 1,1 | 10.025 |

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

MÁIS POBREZA

A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (tomando como base a Estratexia Europea 2020) baixou no 2013 e no 2014, pero no 2015 subiu en case medio punto.

No ano 2015, o 22,55% da poboación galega estaba en risco de pobreza ou exclusión social fronte ao 22,11% do ano anterior. A seguir desagregase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social por sexo e grupos de idade para os anos 2014 e 2015.

En Galicia, no ano 2015, o risco de pobreza ou exclusión social é lixeiramente máis alto nos homes ca nas mulleres: 22,64% fronte a 22,48%. Porén, hai máis mulleres ca homes expostas a esa situación en todos os tramos de idade agás no de menores de 16 anos que ocorre o contrario.

En comparación co 2014, o risco de pobreza ou exclusión social aumentou algo máis nas mulleres ca nos homes: 0,5 puntos nelas e 0,4 puntos neles.

**Cadro 41. TAXA RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL
(ESTRATEGIA EUROPEA 2020) POR SEXO E IDADE**

| | 2015 | 2014 |
|--------------------|--------------|--------------|
| Mulleres | 22,48 | 21,98 |
| Menos de 16 anos | 23,58 | 25,15 |
| De 16 a 24 anos | 32,63 | 31,35 |
| De 25 a 49 anos | 24,48 | 21,85 |
| De 50 a 64 anos | 26,07 | 29,40 |
| De 65 ou máis anos | 13,94 | 12,49 |
| Homes | 22,64 | 22,24 |
| Menos de 16 anos | 25,15 | 23,13 |
| De 16 a 24 anos | 31,10 | 31,23 |
| De 25 a 49 anos | 24,16 | 23,79 |
| De 50 a 64 anos | 25,71 | 27,39 |
| De 65 ou máis anos | 12,24 | 10,37 |
| Total | 22,55 | 22,11 |
| Menos de 16 anos | 24,40 | 24,11 |
| De 16 a 24 anos | 31,85 | 31,29 |
| De 25 a 49 anos | 24,32 | 22,82 |
| De 50 a 64 anos | 25,89 | 28,42 |
| De 65 ou máis anos | 13,21 | 11,58 |

FONTE: elaboración propia con datos da Enquisa de condicións de vida das familias. IGE

Cinguíndonos ás mulleres, por grupos de idade o incremento da taxa de risco de pobreza ou exclusión social dáse nas que teñen entre 16 e 49 anos e nas de 65 ou máis anos. Nos outros dous tramos analizados, é dicir, no de menores de 16 anos e no tramo de 50 a 64 anos, tende a baixar.

O colectivo máis exposto á situación estudada é o das mulleres de entre 16 e 24 anos, cun 32,63% no 2015. A seguir está o das mulleres que teñen entre 50 e 64 anos cun 26,07%.

CONCLUSIÓN

As mulleres gañan presenza nos ámbitos económico, social e político. Porén, a igualdade efectiva entre sexos segue sendo unha materia pendente, que ten un bo exemplo no eido laboral.

Hai máis mulleres ca homes en idade legal de traballar, pero menos participando no mercado laboral. A brecha de xénero aínda é duns dez puntos porcentuais: no cuarto trimestre de 2016 participaban no mercado laboral un 48,7% das mulleres en idade legal de traballar fronte ao 58,4% de homes. A taxa de ocupación das mulleres é case nove puntos porcentuais inferior á dos homes (40,5% mulleres, 49,3% homes).

Canto á calidade da ocupación feminina, a xornada parcial e a temporalidade son tamén elementos definitorios. Tres de cada catro persoas que traballan a xornada parcial son mulleres. Non atopar un traballo a xornada completa é o principal motivo para aceptar un a xornada parcial, tanto nas mulleres coma nos homes. Non obstante, o 95% das persoas que traballan a xornada parcial por mor das responsabilidades familiares (coidado de menores, maiores, dependentes...) son mulleres, o que confirma que elas seguen sendo por maioría as que asumen o rol da dedicación á familia e a atención ás persoas dependentes.

Tamén elas soportan unha taxa de temporalidade máis alta. No cuarto trimestre de 2016, o 28,4% das traballadoras por conta allea tiñan un emprego temporal; nos homes, a porcentaxe baixaba ata o 25,0%.

A segregación de xénero por sectores é moi marcada. As mulleres concéntranse sobre todo nos servizos; dentro deles, entre as ramas máis feminizadas están a hostalaría, a educación, as actividades sanitarias e de servizos sociais e o emprego doméstico.

O teito de cristal persiste. Nos postos de traballo que requiren unha alta cualificación, como os técnicos, científicos e intelectuais, hai máis mulleres ca homes (o 59% dos empregos cóbrenos mulleres) pero elas só ocupan un de cada catro postos directivos e de xerencia. Pola situación profesional, elas son maioría traballando no sector público pero as empresarias con persoal asalariado ao seu cargo aínda representan só o 4% das ocupadas, porcentaxe que sobe ata o 8% no caso deles.

A conciliación non pode tratarse como un tema secundario porque non o é. Sobre todo en Galicia, onde temos un problema demográfico serio, é unha das medidas eficaces para incrementar a natalidade. É un compromiso que temos que adquirir todas e todos: o Goberno, os axentes sociais e, xaora, os homes.

As políticas e medidas aplicadas polo Goberno prexudican o avance da igualdade. Recortou en servizos esenciais como a sanidade, a educación ou a dependencia; impuxo unha reforma laboral regresiva canto a dereitos laborais e, nos orzamentos para o ano 2017, só destina 1,2 millóns de euros ao programa de «apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social» e 7 millóns ao programa de «accións para a igualdade, protección e promoción da muller». Eses programas, nove anos antes, contaban con 5,7 e 16,2 millóns de euros, respectivamente.

Tamén os axentes sociais deben seguir incorporando a transversalidade de xénero na negociación colectiva con medidas e plans de igualdade.

Na repartición das responsabilidades familiares entre homes e mulleres, aínda son mormente as mulleres as que solicitan permisos nas empresas. No 2016, en Galicia

percibíronse 14.522 prestacións por maternidade, das cales o 97,50% foron para mulleres. As mulleres seguen sendo mormente as que se acollen ás excedencias por coidados de fillos/as (o 91% das concedidas en 2015). Se esta proporción fose máis equilibrada, as empresas desbotarían o prexuízo de que contratar mulleres en idade fértil supón un atranco á produción.

Tamén nas cifras do desemprego elas saen máis prexudicadas porque, en proporción, hai máis mulleres en paro ca homes. No cuarto trimestre de 2016 estaban en paro o 17,0% das activas fronte ao 15,6% dos activos.

Eses condicionantes das mulleres para acceder ao mercado laboral e permanecer nel (maior presenza no tempo parcial; segregación sectorial e ocupacional; máis interrupcións na vida laboral e máis longas; menor taxa de ocupación...) están entre os factores que explican a brecha salarial. E, en consecuencia, a disparidade nos salarios tamén repercute nas prestacións por desemprego e nas pensións.

As mulleres seguen cobrando case unha cuarta parte menos ca os homes. No 2015 (último dato publicado da Axencia Tributaria), o salario medio anual das mulleres era un 22,1% inferior ao dos homes.

Aquel fenómeno do *mileurismo* que hai anos se asimilaba a salario baixo e, polo xeral, se asociaba ao primeiro emprego, vese superado agora por segmentos da poboación cuxas condicións laborais empeoraron, tanto que xa se pode falar de *seiscentoseuristas* en calquera idade.

No ano 2015, o 36% das asalariadas declaraban que as súas percepcións en concepto de rendementos do traballo non superaban o salario mínimo interprofesional (SMI), que no ano 2015 non chegaba a 650 euros ao mes en catorce pagas.

Obviamente, esa disparidade nos salarios tamén repercute nas prestacións por desemprego e nas pensións. A brecha de xénero nas primeiras situábase no 14,3% e nas segundas no 28,8%.

A pensión dunha porcentaxe moi alta de mulleres apenas supera os 600 euros en catorce pagas ao ano. No 2015, o 46% das mulleres pensionistas declararon uns ingresos inferiores á pensión mínima interprofesional (no 2015, estaba fixada en 8.426,60 euros). No caso dos homes, esa porcentaxe baixa ata o 34%.

O crecemento económico está deixando de lado a solidariedade; así o demostra o aumento dos niveis de pobreza e desigualdade social. No ano 2015, o 22,48% das mulleres galegas estaban en risco de pobreza ou exclusión social fronte ao 21,98% do ano anterior.

